



## RESOLUCIÓN DO 21 DE MARZO DE 2017 POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS NO CAMIÑO DA ALDEA DE RIBA, BAAMONDE, NO CONCELLO DE BEGONTE

Promotor: Concello de Begonte  
Órgano substantivo: Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DXOTU)  
Expediente: 2016AAE1988  
Código web: 1894/2017

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a proposta que a continuación se transcribe:

### ANTECEDENTES

- 1 O Concello de Begonte réxese polas Normas subsidiarias de planeamento (NNSS) aprobadas definitivamente o 03.04.1997 pola Comisión Provincial de Urbanismo.
- 2 O día 15.12.2016 a anterior Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental<sup>1</sup> recibiu un escrito do Concello no que solicita iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada ao abeiro da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, para o que achega o documento ambiental estratéxico e o borrador da *Modificación puntual das Normas subsidiarias no Camiño da Aldea de Riba, Baamonde, no concello de Begonte*.
- 3 O día 09.01.2017 achegan resposta ao requerimento enviado o 26.12.2016, xunto cun novo borrador e documento ambiental estratéxico, aos efectos de continuar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica.
- 4 O día 11.01.2017 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático iniciou un período de consulta pública, a través da súa sede electrónica, do borrador do plan e do documento ambiental estratéxico, o cal finalizou o día 13.03.2017. Ao mesmo tempo consultouse aos membros do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, entre outras administracións públicas.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- 2 O artigo 46.2.a) da Lei 2/2016 sinala que deben someterse ao procedemento simplificado de avaliación ambiental estratéxica as modificacións menores dos plans xerais de ordenación municipal (as normas subsidiarias de planeamento son tamén un instrumento de planeamento xeral). Segundo o seu artigo 83.5, as modificacións de planeamento xeral seguirán as disposicións relativas á tramitación e aprobación dos plans xerais.
- 3 O artigo 60.4 da dita Lei establece que o órgano ambiental, tras validar a documentación presentada polo promotor, someterá o borrador do plan e o documento ambiental estratéxico ás consultas do órgano competente en materia de urbanismo, das demais administracións públicas afectadas e das persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo de dous meses.

<sup>1</sup> Actual Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.

- 4 O artigo 31.2. da Lei 21/2013 establece que órgano ambiental emitirá o informe ambiental estratéxico, tendo en conta o resultado das consultas realizadas e de conformidade cos criterios establecidos no seu anexo V. Neste informe poderá determinarse que a Modificación puntual ten efectos significativos no ambiente, e polo tanto debe someterse a avaliación ambiental estratéxica ordinaria, ou ben que non presenta efectos significativos podendo aprobarse nos termos que o propio informe estableza.
- 5 O Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, atribúe á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente. A través do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, dita secretaría pasa a denominarse Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.

## CONSIDERACIÓNNS TÉCNICAS

### 1. Características da Modificación Puntual

Ámbito de actuación: vivendas existentes sobre as parcelas catastrais 001102300PH08A e 001101500PH08A, no Camiño da Aldea de Riba, ao oeste do núcleo de Baamonde, concello de Begonte. Ao norte, oeste e sur lindan cunha zona verde non executada -que figura nas NNSS- e ao leste polo Camiño da Aldea de Riba.



Ámbito afectado pola Modificación Puntual

Superficie: O ámbito ocupa unha superficie de 137,61 m<sup>2</sup>.

Obxecto: Emendar a indeterminación de altura e fondo edificable das NNSS -que neste ámbito conta cunha ordenanza de edificación pechada- e possibilitar a renovación do patrimonio arquitectónico construído.


Proposta: A alternativa elixida "1" propón o mantemento da tipoloxía edificatoria existente mediante o cambio de ordenanza, asignándolle a de casco tradicional no lugar da ordenanza de edificación pechada.



A proposta de MP exclúe unha construcción anexa ao sur, por non tratarse dunha edificación tradicional.

A altura establecida na ordenanza é de baixo, unha planta e baixo cuberta (B+I+BC). O fondo obligatorio é o existente, agás na parcela sita ao sur, na que se respectará o fondo edificatorio da vivenda llindeira, co fin de manter un fronte continuo. Así mesmo, inclúese regulación respecto ás condicións de parcelación, de estética e de uso.

As alternativas "0" de non actuación, e "2" -que asigna a categoría de zona verde a todo o ámbito-, foron desbotadas ao considerarse menos viables.



Ordenación urbanística proposta

## 2. Características ambientais da área probablemente afectada

O ámbito de actuación localízase no concello de Begonte, na parroquia de Baamonde. O núcleo de Baamonde conta cunha poboación de 244 habitantes (2016 INE) e unha densidade de poboación de 51,01 h / km<sup>2</sup>.

O ámbito está clasificado como solo urbano. Segundo a trama asignada nos planos de ordenación, a cualificación corresponde coa ordenanza 1º de edificación pechada. Na actualidade, os terreos obxecto da MP encóntranse ocupados por edificacións tradicionais en mal estado de conservación.



Vista das vivendas afectadas pola MP dende o Camiño da Aldea de Riba



Vista das vivendas afectadas pola MP dende a N-VI

A superficie obxecto de modificación presenta unha topografía suave, con elevacións máis acusadas cara o bordo sur. O ámbito localízase dentro da **comarca paisaxística** "A Terra Cha", que forma parte da grande área paisaxística "Chairas e Foxas Luguesas". Cómpre tamén sinalar que, a 170 m ao leste, atópase a área de interese paisaxístico (AEIP) "Alto Miño", que se estende cara o leste polas beiras dos ríos Ladra e Parga .

En canto aos **valores naturais** destaca o regato de Vilaflores -que discorre paralelo a poucos metros das vivendas afectadas- e cuxa zona de polízia abrangue á totalidade do ámbito da MP. Sinalar que este curso é tributario do río Parga, que se integra na ZEC e ZEPVN Parga-Ladra-Támoga, a menos de 200 m ao sur do ámbito. Ademais, a MP intégrase na zona tampón da Reserva da Biosfera Terras do Miño.

Respecto das **comunicacións**, as vivendas obxecto de MP dan fronte a un camiño de titularidade municipal que enlaza ao sur coa N-VI, quedando afectadas pola súa zona de afección<sup>2</sup>. A 50 m ao sur sitúase a liña do ferrocarril, e a 140 m ao leste encóntrase o apeadoiro de Baamonde.

<sup>2</sup> Na zona de afección dunha estrada estatal requirirase a previa autorización do Ministerio de Fomento para executar calquera tipo de obra ou instalación, cambiar o uso e plantar ou talar árbores.




En canto aos **valores patrimoniais**, o tramo da estrada N-VI próximo ao ámbito define a traza do Camiño de Santiago do Norte, Ruta da Costa, cuxa contorna de protección afecta á superficie obxecto da MP. Ademais, nas proximidades localízanse a Igrexa de Santiago e 3 cruceiros recollidos no catálogo das NNSS, ademais doutros elementos de interese, tales como muros de pedra e construcións tradicionais de valor arquitectónico ou etnográfico.

No tocante ás **edificacións** existentes no ámbito da MP, sinalar o seguinte:

- A primeira e segunda vivenda situadas ao norte (B+I) só conservan a fachada principal e parte da medianeira norte. Tal e como se pode apreciar nas fotografías aportadas coa documentación, están sendo sometidas a unha ampliación que non se adapta á volumetría orixinaria das edificacións, apreciándose unha estrutura de formigón e muros de ladrillo a medio construír.



- A continuación, acaróase unha vivenda (B+I) que conserva os muros de carga orixinais na base e as cubertas de lousa, pero conta con elementos discordantes diversos, ademais de encontrarse en moi mal estado.



- Finalmente, vinculada á esta última vivenda, levantouse unha construción adxectiva (B) de ladrillo e bloque de formigón visto, con cuberta de chapa de fibrocemento, e portón metálico.



En canto aos **riscos**, o ámbito atópase dentro da área de especial exposición polo transporte de mercadorías perigosas, asociada tanto á estrada nacional como á liña férrea.

### **3. Período de exposición pública e consultas previas**

Durante o período de consultas recibiu-se resposta da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, do Instituto de Estudos do Territorio, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, e da Dirección Xeral de pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

Os informes recibidos fan observacións concretas sobre ás condicións de edificación, e aclaracións sobre a ordenación da vivenda non tradicional situada ao sur. O Concello deberá considerar a totalidade destas observacións no proceso de elaboración da MP, para o cal remítenselle os textos íntegros recibidos. Non obstante, resúmense a continuación as principais cuestións formuladas:

#### Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Consideran que a emenda da indeterminación da altura e fondo de edificación na zona afectada é unha razón xustificada para promover a MP, en canto que a situación actual xera insecuridade xurídica. Porén, debe incorporarse toda a zona edificable prevista nas NNSS para evitar o mantemento da actual indeterminación de alturas na edificación situada mais ao sur.

Indican que a nova ordenanza presenta unha serie de eivas, que cómpre xustificar axeitadamente, ou no seu caso emendar:

- Como fondo obligatorio establecese o existente; no entanto, non se aporta planimetría actualizada.
- O apartado 3.7.1 regula a "área de movimiento de la edificación", cando a MP persegue o mantemento ou consolidación do conxunto edificado.

#### Instituto de Estudos do Territorio

Informan que a MP permitirá o mantemento das vivendas unifamiliares tradicionais do ámbito mediante a limitación da súa altura e o seu fondo edificable, poñendo en valor a tipoloxía de vivenda tradicional, unificando a súa volumetría, e mantendo a trama urbana existente.

Consideran que a ordenación recollida neste novo borrador mellora substancialmente o que se informou o 21.09.2016. Non obstante, cómpre puntualizar que a nova ordenanza, na regulación do fondo obligatorio, fai unha referencia pouco precisa ao mantemento do fondo dunha vivenda lindreira. Se se refire á construción situada ao sur, fóra do ámbito da modificación, ese mantemento do fondo non se considera axeitado, posto que a citada construción non é de carácter tradicional.

#### Dirección Xeral do patrimonio Cultural

Informa de que se deberán realizar traballos de exploración e recoñecemento sistemático do ámbito de estudio, para a detección de elementos do patrimonio cultural non identificados no Inventario de patrimonio cultural de Galicia, con especial incidencia sobre o patrimonio etnográfico e arqueolóxico.

Estes traballos deberán realizarse previa redacción da MP. Unha vez identificados os elementos de valor, a MP deberá delimitar o seu contorno de protección para a súa inclusión no catálogo das NNSS e a súa representación nos planos de ordenación. A delimitación dos bens catalogados deberá ter en conta que estes están constituídos tanto polo propio ben como por aqueles elementos sen os que o ben quedaría descontextualizado, polo que con carácter xeral, deberá recollerse e protexerse tamén a parcela que os contén e os elementos que lle sexan propios.

Farase especial fincapé no patrimonio arquitectónico e nos bens do patrimonio etnológico, de acordo coas definicións dadas no título VII da LPCG para os bens culturais específicos. Analizaranse polo



miúdo os elementos da arquitectura tradicional, entendida como o conxunto de construcións que xorden da implantación dunha comunidade no seu territorio e que manifestan na súa diversidade e evolución a súa adaptación ecolóxica, tanto aos condicionantes e recursos naturais, como aos procesos históricos e modelos socioeconómicos que se desenvolveron en cada lugar.

A normativa proposta no borrador define a nova ordenanza de aplicación no ámbito delimitado pola MP. Esta "Ordenanza de casco tradicional" deberase adaptar ás determinacións establecidas na Guía de Boas Prácticas para as actuacións nos Camiños de Santiago, editada pola DXPC e que pode ser consultada e descargada na seguinte ligazón: <http://www.cultura.gal/gl/guia-boas-practicas-para-actuaciones-caminos>. Procurarase manter a trama urbana existente, e as construcións de nova planta serán coherentes coa tipoloxía arquitectónica característica do contorno, en particular en canto á altura, o volume e fondo edificable.

Finalmente, sinalan que os planos achegados no anexo do borrador representan terreos afectados pola modificación, incluído as catro edificacións acaroadas. No entanto, na descripción dada na memoria e no plano de situación achegado no apartado 3.4 do borrador, identifícase o ámbito como tres das catro vivendas, excluíndo a situada ao sur "por no tratarse de una edificación tradicional". Deberase modificar a representación dos planos do anexo para axustar a delimitación da superficie afectada, na que se pretende aplicar a nova "Ordenanza de casco tradicional".

#### Dirección Xeral de pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Informan que as actuacións comprendidas no dito plan non é previsible que teñan impacto nas actividades de acuicultura competencia desta Dirección Xeral.

#### **4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013**

Analizada a documentación remitida, as características do ámbito afectado, así como as respostas ás consultas realizadas, considérase que a MP afecta a un ámbito reducido do territorio. Non establece un marco para a futura autorización de proxectos, más alá dos necesarios para realizar as obras e implantar os usos autorizados. Non inflúe noutros plans ou programas, nin se detectan efectos negativos significativos sobre o medio.

A MP non ocasionará efectos salientables sobre a **ocupación do solo**, posto que non prevé un aumento da superficie en planta das vivendas existentes.

Respecto da **paisaxe**, o establecemento dunhas condicións de edificación homoxéneas que, ademais, se axustan á morfoloxía das vivendas existentes, poñerá en valor a tipoloxía de vivenda tradicional e a trama urbana existente. Sinalar que a edificación situada ao sur –excluída do ámbito– constitúe un impacto negativo para a paisaxe. Polo tanto, ao non establecer as medidas de mitigación necesarias, o efecto negativo identificado manterase no tempo.

Non se esperan efectos relevantes sobre o **patrimonio natural** nin sobre o **ciclo hídrico**, posto que a MP non ocupa novos terreos, nin aumenta as edificabilidades existentes, respectando a zona verde cara o regato de Vilaflores.

A proximidade da MP ao Camiño de Santiago do Norte, Ruta da Costa, condiciona as actuacións que se levan a cabo no ámbito, podendo ocasionar efectos sobre o **patrimonio cultural** se non se establecen as medidas necesarias.

Á vista do exposto, non cabe esperar que se produzcan efectos ambientais significativos derivados da MP, se ben –para favorecer unha mellor integración paisaxística do conxunto– deberanse considerar as determinacións ambientais que se establecen neste informe.

## PROPOSTA

Tendo en conta o indicado nos apartados anteriores, e a análise realizada segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a *Modificación puntual das Normas subsidiarias no Camiño da Aldea de Riba, Baamonde, no concello de Begonte*. No entanto, teranse en conta as seguintes **determinacións**:

- Deberase incluír medidas de integración paisaxística de cara a mitigar os efectos da edificación non tradicional sita ao sur, que quedará fóra de ordenación.
- Incorporarase á MP cartografía e ordenación actualizada onde se representen claramente as vivendas que quedan dentro da ordenanza casco tradicional, así como o fondo edificatorio proposto, que deberá corresponderse co fondo das vivendas tradicionais orixinarias.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2017

A xefa do Servizo de Avaliación Ambiental  
de Plans e Programas

Margarita Segade Castro

Conforme:

O subdirector xeral de Avaliación Ambiental

Carlos Calzadilla Bouzón



## RESOLUCIÓN

De conformidade coa proposta anterior, resolvo **non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a *Modificación puntual das Normas subsidiarias no Camiño da Aldea de Riba, Baamonde, no concello de Begonte***. Non obstante, para evitar ou minimizar posibles efectos ambientais, recoméndase integrar no planeamento as determinacións que se indican na proposta transcrita.

Este informe ambiental estratéxico farase público no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ([www.cmaot.xunta.gal](http://www.cmaot.xunta.gal)); remitirase ao Concello de Begonte -xunto á copia dos informes recibidos na fase de consultas previas- para a súa consideración na tramitación da Modificación puntual.

A resolución perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos que lle son propios se, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non se aprobase a Modificación puntual no prazo máximo de catro anos dende a súa publicación.

Contra esta resolución non procederá recurso algúin, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación da Modificación Puntual.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2017

A directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

María Cruz Ferreira Costa





## INFORME NO PERÍODO DE CONSULTAS SOBRE EXPEDIENTE DE “MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE BEGONTE, EN CAMIÑO DE ALDEA DE RIBA”(expte. PTU-LU-16/111)

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (órgano ambiental) somete a consultas desta DXOTU a modificación de referencia, no procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada de acordo co art. 60.4, en relación co 83.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG).

Analizada a documentación achegada, e vista a proposta subscrita pola Subdirección Xeral de Urbanismo, resulta:

### I. ANTECEDENTES

O concello de Begonte conta cunhas normas subsidiarias de planeamento (NSP), aprobadas definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo en data 03/04/1997.

En xullo de 2016, o Concello solicitara a iniciación do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da modificación (expediente. 2016AAE1913), acordándose sometela ao procedemento ordinario e téndose formulado o documento de alcance (resolucións do 25/10/2016 e 26/10/2016) aos efectos de continuar coa tramitación. Porén, o concello optou por elaborar unha nova versión e volver a tramitar a avaliación ambiental simplificada, que incluíu:

- O 12/12/2016 o Concello achega a solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da Modificación puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal en Camiño de Aldea de Riba.
- O 23/12/2016 requiriuse a emenda da documentación, completada o 09/01/2017.
- O 11/01/2017 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático inicia o trámite de consultas no novo procedemento (exp. núm.: 2016AAE1988).

### I. ASPECTOS XERAIS. OBXECTO DA MODIFICACIÓN

A presente modificación afecta a un ámbito duns 160 m<sup>2</sup> de superficie, integrado polas parcelas catastrais 001102300PH08A e 001101500PH08A.

Propónse a aplicación dunha nova ordenanza para emendar a indeterminación de altura e fondo edificable das NSP neste ámbito (ordenanza de edificación pechada) e posibilitar a renovación do patrimonio arquitectónico. Regúlanse distintas condicións edificatorias, con definición da área de movemento da edificación; e admisión do uso educativo e vivenda colectiva.

### I. ANÁLISE E CONSIDERACIÓNS

#### III.1. Razóns de interese público da modificación (artigo 83.1 da LSG).

- Considerase que a emenda da indeterminación da altura e fondo de edificación na zona afectada é unha razón xustificada para promover a modificación, en canto a situación actual xera inseguridade xurídica. Porén, debe incorporarse toda a zona



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

edificable prevista nas NSP, para evitar o mantemento da actual indeterminación de alturas na edificación situada mais ao sur.

III.2. A nova ordenanza presenta as seguintes eivas, que cómpre xustificar axeitadamente, ou no seu caso, subsanar:

- Como fondo obligatorio establecese o existente (non o das NSP ou o das edificacións tradicionais) mentres que non se aporta planimetria actualizada.
- O aptdo. 3.7.1 regula a "área de movemento de la edificación", cando a modificación persegue o mantemento ou consolidación do conxunto edificado.

III.3. Tramitación da modificación.

Esta modificación, en virtude do establecido no artigo 83.5 da LSG, tramitarase segundo o procedemento recollido no artigo 60 da mesma.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2017

A directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo



Mª Encarnación Rivas Díaz





## INFORME NO PERÍODO DE CONSULTAS NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA

Expediente IET: P-16-381

Plan ou programa: Modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento municipal en Camiño de Aldea de Riba

Concello: Begonte (Lugo)

Promotor: Concello de Begonte

Expediente AAE: 2016AAE1988

Con data 21/09/2016 o Instituto de Estudos do Territorio emite informe sobre o expediente de referencia.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático somete novamente a consulta do Instituto de Estudos do Territorio o borrador e o documento ambiental estratégico, da modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento municipal do concello de Begonte en Camiño de Aldea de Riba, de conformidade coa Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

En virtude do punto dous da disposición adicional segunda do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio, este asume as competencias en materia de paisaxe, as cales encádranse no marco da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

A modificación afecta a unha parte do núcleo de Baamonde, en concreto a unha bolsa de solo urbano no núcleo de Camiño de Aldea de Riba. Na zona aséntanse catro edificacións acaroadas de carácter tradicional, actualmente moi deterioradas. Vinculada á vivenda situada máis ao sur, levantouse unha construcción anexa, a cal non se inclúe na modificación por non tratarse dunha edificación tradicional.

A modificación substitúe a actual ordenanza 1º de edificación pechada, por unha nova ordenanza de Casco Tradicional adaptada á tipoloxía existente, tendo en conta a conservación do patrimonio histórico ligado ao Camiño de Santiago, o cal discorre moi preto do núcleo.

A modificación afecta a dúas parcelas, que abranguen unha superficie de 137,61 m<sup>2</sup>, sen afectar ás zonas verdes adxacentes, nin incrementando a zona edificable. A modificación expresa que o seu obxectivo é manter as edificacións tradicionais, á vez que se reduce a intensidade edificatoria, non permitindo a execución de bloques en mazá.

A actual ordenanza non define as alturas nin o fondo de edificación. Por este motivo, a nova modificación asigna o número de plantas e establece o fondo de edificación, ao mesmo tempo que integra esteticamente as edificacións na contorna.

A modificación outorga unha altura máxima de baixo+1 planta+baixo cuberta, permitindo un soto dunha planta. A tipoloxía manterá a existente, á vez que se dará un tratamiento de acabado aos paramentos medianeiros vistos. O material de cuberta deberá ser de lousa. As fachadas abertas ao espazo verde vinculado ao regato de Vilaflores, visibles dende o mesmo, serán tratadas cos mesmos criterios, en canto a materiais e cores, que as fachadas principais.

En resumo, a modificación permitirá o mantemento das vivendas unifamiliares tradicionais do ámbito mediante a limitación da súa altura e o seu fondo edificable ao realmente existente, poñendo en valor a tipoloxía de vivenda tradicional e unificando a súa volumetría; á vez, que mantén a trama urbana existente.

galicia

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO	
REGISTRO INTERNO	
16 FEB. 2017	
ENTRADAS	SAÍDA
Nº .....	Nº .....
114	

Por tanto, a ordenación recollida neste novo borrador mellora substancialmente o que se informou o 21/09/2016. Non obstante, cómpre puntualizar que na nova ordenanza, na regulación do fondo obligatorio, faise unha referencia pouco precisa ao mantemento do fondo dunha vivenda lindeira; se se refire á construción situada ao sur, fóra do ámbito da modificación, ese mantemento do fondo non se considera axeitado, posto que a dita construción non é de carácter tradicional.


Cómpre lembrar que de acordo co artigo 7.2 da Lei 7/2008 (modificado pola Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas), e tendo en conta o disposto no artigo 83.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, a modificación, tras a súa aprobación inicial, deberá someterse a informe do Instituto de Estudos do Territorio.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro 2017

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe



O director do Departamento Técnico de Estudos



Visto e conforme a director do Instituto de Estudos do Territorio



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Dirección Xeral de Pesca,  
Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Edificio Administrativo San Caetano  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono 981 54 62 86 – Fax 981 54 62 88

galicia

**Dirección Xeral de Calidade Ambiental e  
Cambio Climático  
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación  
do Territorio  
San Lázaro, s/n  
15781, Santiago de Compostela**

**ASUNTO: RESPOSTA DA DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E  
INNOVACIÓN TECNOLÓXICA AO TRÁMITE DE CONSULTAS DO PROCEDIMENTO  
DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA**

Con data 11.1.2017, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático comunica por correo electrónico á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, o novo inicio do trámite de consultas correspondente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica do seguinte plan:

**Nome do plan:** Modificación puntual da Normas Subsidiarias no Camiño da Aldea de Riba”- Baamonde.

**Promotor:** Concello de Begonte

**Órgano substantivo:** Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

**Expediente:** 2016AAE1988


**Código web:** 1894/2017

Informámoslle que as actuacións comprendidas no dito plan non é previsible que teñan impacto nas actividades de acuicultura competencia desta Dirección Xeral, establecidas no *Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar* (DOG nº 221 do 19/11/2015).

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2017

O xefe de servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura







## OBSERVACIÓNES E SUGESTIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL EN RELACIÓN CO TRÁMITE DE CONSULTAS NO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS NO "CAMIÑO DA ALDEA DE RIBA", BAAMONDE, CONCELLO DE BEGONTE

### DATOS DO EXPEDIENTE

<u>Trámite:</u>	Consulta no procedimento de avaliación ambiental estratéxica simplificada
<u>Documento:</u>	Borrador e documento ambiental estratéxico (DAE) da <i>Modificación puntual das Normas Subsidiarias no "Camiño da Aldea de Riba" - Baamonde</i>
<u>Ámbito:</u>	Tres edificacions no Camiño de Aldea de Arriba, Baamonde, no Concello de Begonte
<u>Autor:</u>	KM arquitectos, S.L.P. (M <sup>a</sup> Carmen Viño Vila, arquitecta)
<u>Promotor:</u>	Concello de Begonte
<u>Data da solicitude:</u>	11.01.2017
<u>Código web:</u>	1894/2017
<u>Expediente:</u>	2016/1006

### MARCO LEGAL

O instrumento de planeamento urbanístico xeral vixente no Concello de Begonte son as Normas subsidiarias de planeamento (en diante NSP), aprobadas definitivamente o 03.04.1994 (DOG do 06.09.1997).

A normativa vixente de aplicación é a seguinte:

- Decreto do 22 de abril de 1949 sobre os castelos españois
- Decreto 571/1963, do 14 de marzo, sobre protección dos escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico
- Decreto 798/1971, do 3 de abril, polo que se dispón que nas obras e nos monumentos e conxuntos histórico – artísticos se empreguen no posible materiais e técnicas tradicionais
- Decreto 449/1973, do 22 de febreiro, polo que se coloca baixo a protección do Estado os hórreos e cabazos antigos existentes en Asturias e Galicia
- Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español (LPHE)
- Resolución do 14 de maio de 1991, da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, pola que se aproban as normas complementarias e subsidiarias de planeamento da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra (NCSP)
- Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia
- Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, conservación e mellora dos ríos galegos
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio (DOT)
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia
- Decreto 158/2014, do 27 de novembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago do Norte, Ruta da Costa (DOG núm. 245 do 23.12.2014).
- Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas
- Lei 10/2015, do 26 de maio, para a salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial
- Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LS)
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG)
- Decreto 119/2016, do 28 de xullo, polo que se aproba o Catálogo das paisaxes de Galicia

### INTRODUCIÓN

En virtude do previsto no artigo 83 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o 11.01.2017 acórdase pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental "Someter a consulta pública na sede electrónica deste órgano ambiental por un prazo de 2 meses o documento ambiental estratéxico e o borrador da *Modificación puntual das Normas Subsidiarias no "Camiño da Aldea de Riba" - Baamonde, no Concello de Begonte*". De acordo



co artigo 5 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental, enténdese por "administracións públicas afectadas" as que teñen competencias nunha serie de materias entre as que se inclúen os bens materiais e o patrimonio cultural.

No marco do Estatuto de Autonomía de Galicia (artigo 27), corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia do patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, de interese de Galicia. En base á dita competencia formúlanse as seguintes observacións e suxestións á *Modificación puntual das Normas Subsidiarias no "Camiño da Aldea de Riba" - Baamonde* no tocante ao patrimonio cultural:

## 1 DESCRICIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL


A motivación da redacción desta MP xustifícase no borrador pola "existencia de viviendas y edificaciones de carácter tradicional, a la afección parcial del ámbito del Camino de Santiago en dicha zona, y al entorno en el que se ubica". Os terreos afectados pola MP teñen a clasificación de solo urbano nas NSP, con ordenanza 1ª de edificación pechada. O ámbito ten unha superficie aproximada de 138 m<sup>2</sup>. Preténdese mudar a ordenanza asignada, para asignarlle a calificación de "Ordenanza de casco tradicional". Esta nova ordenanza queda definida na normativa da MP.

O obxecto da proposta é, segundo o expresado no apartado 3.4 do borrador, "el mantenimiento de las edificaciones tradicionales existentes, sin perjuicio de su mal estado de conservación, limitando las alturas permitidas en las mismas y proporcionando un encaje volumétrico adecuado".

## 2 INCIDENCIA SOBRE O PATRIMONIO CULTURAL

O borrador presentado recoñece no seu primeiro apartado a "afección parcial del Camino de Santiago". Certamente, o Camiño de Santiago do Norte, Ruta da Costa (Decreto 158/2014, do 27 de novembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago do Norte, Ruta da Costa (DOG núm. 245 do 23.12.2014) discorre polo núcleo de Baamonde, afectando directamente ao ámbito delimitado para a MP.

Na memoria xustificativa do Decreto 158/2014 relativa ao Concello de Begonte (no seu punto 4) recóllese o listado de elementos patrimoniais vinculados ao Camiño de Santiago, entre os que se atopan a igrexa de Santiago e tres cruceiros próximos; que tal e como sinala nos seguintes parágrafos, tamén están recollidos no Catálogo das NSP vixentes. Estes bens, situados a uns 42 m do ámbito, forman parte do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia<sup>1</sup>.



<sup>1</sup> Artigo 30 da LPCG



O patrimonio cultural de Galicia está constituído polos bens móbiles, inmóbiles ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo.

Así mesmo, integran o patrimonio cultural de Galicia todos aqueles bens ou manifestacións inmateriais de interese para Galicia nos que concorra algún dos valores enumerados no parágrafo anterior e que se encontren en Galicia, con independencia do lugar no que fosen creados<sup>2</sup>.

As NSP vixentes no Concello de Begonte non identifican no ámbito de actuación ningún ben do patrimonio cultural. Porén, as fichas núm. 1 e 3 do catálogo das NSP recollen a igrexa parroquial de Santiago de Baamonde e tres cruceiros cerca da igrexa, próximos ao ámbito, mais o seu contorno de protección non o afecta.

Lindeiras co ámbito existen tamén varias edificacións e peches tradicionais que, se ben non teñen a consideración de bens catalogados, amosan valores arquitectónicos e etnográficos merecedores de protección.



Ademais, moi próximo ás construcións afectadas pola MP hai catro "pinus silvestris", situados no borde do rego de Vilaflores que descorre pola marxe oeste do límite do ámbito.

### 3 MEDIDAS PROTECTORAS E CORRECTORAS

A determinación excluínte 9.3 das DOT establece que calquera actuación sobre o territorio debe atender á súa compatibilidade cos bens do patrimonio cultural que se vexan afectados, o que require a súa identificación, o recoñecemento das súas características e das súas relacións co territorio e a análise das posibilidades de integralos como un elemento máis da actuación.

Os traballos de análise referidos incorporarán unha prospección, entendida como a exploración e recoñecemento sistemático do ámbito de estudo, para a detección de elementos do patrimonio cultural non identificados no Inventario de patrimonio cultural de Galicia, con especial incidencia sobre o patrimonio etnográfico e arqueolóxico.

Deberase realizar esta prospección de xeito que o preceptivo traballo de campo, previo á redacción da MP, permita identificar con precisión todos os elementos con valores merecedores de protección dentro do ámbito da MP. Toda vez identificados, deberan delimitar os bens e o seu contorno de protección para a súa inclusión no catálogo das NSP e a súa representación nos planos de ordenación. A delimitación dos bens catalogados deberá ter en conta que estes están constituídos tanto polo propio ben como por aqueles elementos sen os que o ben quedaría descontextualizado, polo que con carácter xeral, deberá recollerse e protexerse tamén a parcela que os contén e os elementos que lle sexan propios. O contorno de protección dos bens inmóveis de interese cultural e catalogados poderá estar constituído polos espazos e construcións próximas cuxa alteración incida na percepción e comprensión dos valores culturais dos bens no seu contexto ou poida afectar a súa integridade, apreciación ou estudo<sup>3</sup>.

Farase especial fincapé no patrimonio arquitectónico e nos bens do patrimonio etnolóxico de acordo coas definicións dadas no título VII da LPCG para os bens culturais específicos. Analizaranse polo miúdo os elementos da arquitectura tradicional, entendida como o conxunto de construcións que xorden da implantación dunha comunidade no seu territorio e que manifestan na súa diversidade e evolución a súa adaptación ecolólica, tanto

<sup>2</sup> Artigo 1.2 da LPCG

<sup>3</sup> Artigo 12.2 da LPCG



aos condicionantes e recursos naturais, como aos procesos históricos e modelos socioeconómicos que se desenvolveron en cada lugar<sup>4</sup>.

En relación con isto, os instrumentos de planeamento urbanístico incluirán necesariamente no seu catálogo todos os bens inmobilres do patrimonio cultural, tanto os inscritos no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia como no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia situados no ámbito territorial que desenvolván, no momento da aprobación inicial da figura de planeamento, como aqueles que indique motivadamente a consellería competente en materia de patrimonio cultural ou a entidade local correspondente, estean ou non incorporados no censo<sup>5</sup>.

A normativa proposta no borrador define a nova ordenanza de aplicación no ámbito delimitado pola MP. Esta "Ordenanza de casco tradicional" deberase adaptar ás determinacóns establecidas na Guía das Boas Prácticas para as actuacóns nos Camiños de Santiago, editada pola DXPC e que pode ser consultada e descargada na seguinte ligazón: <http://www.cultura.gal/gl/guia-boas-practicas-para-actuacions-camino>. Procurarase manter a trama urbana existente, e as construccóns de nova planta serán coerentes coa tipoloxía arquitectónica característica do contorno, en particular en canto á altura, o volume e fondo edificable.

Por último, cómpre sinalar que os planos achegados no anexo do borrador representan os terreos afectados pola modificación, incluíndo as catro edificacións acaroadas. Sen embargo, tanto na descripción dada na memoria como no plano de situación achegado no apartado 3.4 do borrador, identifícase o ámbito como tres desas catro vivendas, excluíndo á situada ao sur "*por no tratarse de una edificación tradicional*". Deberase modificar a representación dos planos do anexo para axustar a delimitación da superficie afectada, na que se pretende aplicar a nova "Ordenanza de casco tradicional".


#### CONCLUSIÓN

O promotor deberá ter en consideración as anteriores observacóns e suxestións na *Modificación puntual das Normas Subsidiarias no "Camiño da Aldea de Riba" - Baamonde*.

Unha vez aprobada inicialmente á modificación puntual, deberase solicitar o informe vinculante desta Consellería previsto no artigo 34 da LPCG, para o que se deberá achegar o documento debidamente dilixenciado.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2017  
A directora xeral do Patrimonio Cultural

M.ª Carmen Martínez Insua



<sup>4</sup> Plan nacional de arquitectura tradicional  
<sup>5</sup> Artigo 35.1 da LPCG